

## CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A ASOCIACIÓN STARTUP GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO AO EMPRENDEMENTO EMERXENTE INNOVADOR

**Dunha parte,** Dna. Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), co NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

**Doutra parte,** Carmen Pumariño Álvarez, na súa calidade de presidenta da Asociación Startup Galicia –en diante, Startup Galicia–, con domicilio social en Rúa da Carreira do Conde, nº 20, local 3-2, 15701 Santiago de Compostela e NIF G27845213, con facultades para o outorgamento do presente documento en virtude do artigo 22 dos vixentes estatutos de Startup Galicia.

Recoñécense reciprocamente competencia xurídica suficiente para subscribir o presente convenio e polo tanto,

### MANIFESTAN

I. Que o Igape é un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu, adscrito á Consellería de Economía e Industria. Entre os seus obxectivos fundacionais están os de fomentar a creación de novas empresas e facilitar servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento das empresas e a mellora competitiva e innovación do sistema produtivo galego.

II. Startup Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter multisectorial, constituída o 17 de xuño de 2017, e inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2017/021623.1º, co obxectivo de converterse nunha comunidade aberta, forte, dinámica, conectada e colaborativa de persoas ligadas ao emprendemento tecnolóxico e innovador en Galicia, sector con grande capacidade para xerar valor, riqueza e emprego de calidade. A entidade agrupa a 100 persoas socias de toda Galicia ligadas ao emprendemento que representan a case 80 empresas e que xeran preto de 7.000 empregos directos.

A misión de Startup Galicia é conectar aos emprendedores do noso ecosistema entre si e cos doutros ecosistemas ou que queiran incorporarse ao noso, formar novos emprendedores para que se incorporen ao ecosistema, o potencien e o fagan medrar, e inspirar unha cultura en Galicia que promova e valore o emprendemento e multiplique o potencial laboral da nosa terra. Comprometida coa súa vocación, Startup Galicia busca achegar aos emprendedores innovadores da nosa Comunidade Autónoma, toda a información e os recursos a súa disposición que axuden ás startups na súa consolidación e crecemento, sendo a canle idónea, polo seu carácter multisectorial e pola especialización dos seus obxectivos, para ser entidade colaboradora do Igape na difusión dos seus programas dirixidos ás startups e na identificación de intereses e necesidades destas para orientar e definir as medidas destinadas a este colectivo empresarial.

É a única asociación destas características na nosa Comunidade Autónoma, tanto polo seu carácter multisectorial como polo ámbito territorial da súa actividade, que abrangue toda Galicia. A capacitación e experiencia dos seus equipos directivos, así como a especial atención ás necesidades específicas das iniciativas novas, pequenas e innovadoras, que non están suficientemente significadas noutras organizacións, pola súa solvencia e eficacia na organización e implementación de numerosas e diversas actuacións desenvolvidas nos últimos anos no eido da actividade emprendedora, considérase que non existe outra entidade que cumpra estes requirimentos no eido



do emprendemento innovador e tecnolóxico en Galicia que garanta a realización do obxecto deste convenio.

Startup Galicia carece das características para ser considerada unha empresa de acordo coa definición contida no Anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión xa que é unha asociación sen ánimo de lucro que non exerce no mercado unha actividade económica de forma regular en base a un catálogo de servizos.

III. Que a Xunta de Galicia aposta pola difusión e achegamento das posibilidades da innovación, a competitividade e a transformación tecnolóxica entre todo o tecido empresarial galego como vía ineludible para garantir a futuro a capacidade competitiva das empresas e a súa permanencia no mercado, e para iso debe tecer a rede máis extensa e vertebrada posible en todo o territorio, de modo que esta cultura da innovación e a transformación produtiva alcance e poida ser comprendida e interiorizada no máximo espectro empresarial en todo o territorio galego.

Nomeadamente, o apoio ás startups é crucial no impulso ao desenvolvemento territorial e fomenta unha contorna propicia para a creación de solucións que poden mellorar os principais sectores económicos da nosa Comunidade, xa que as startups adoitan ser motores de innovación ao introducir novas tecnoloxías, produtos e modelos de negocio disruptivos; xeran emprego de calidade, especialmente en sectores de alto valor agregado como a tecnoloxía e os servizos especializados que favorece a retención do talento en Galicia; axudan a diversificar a economía ao introducir novos sectores e áreas de negocio reducindo a dependencia de industrias tradicionais e fan que a economía sexa máis resiliente ante cambios globais ou crises económicas; son creadoras de solucións para os desafíos sociais e ambientais, buscando resolver problemas como a sustentabilidade, a inclusión social, a educación ou a saúde; e teñen unha marcada vocación de internacionalización. O apoio público á consolidación dun ecosistema emprendedor sólido no só contribúe a que máis empresas novas poidan prosperar e escalar as súas operacións, facilitando o éxito destas empresas emerxentes, senón que tamén se asegura un futuro máis competitivo, diversificado e equitativo para a nosa economía.

As características que rodean o proceso de creación e consolidación das startups fan que teñan necesidades específicas en canto ao desenvolvemento, xestión e protección da súa innovación, o financiamento que sustente o seu crecemento e escalabilidade e a súa perspectiva internacional, tanto no que se refire á presenza en mercados exteriores como á captación de investimentos; e en atencións a estas particularidades publicouse a lei 28/2022, do 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes. Co fin de proporcionar un entorno adecuado para este colectivo empresarial específico, dende Igape enténdese que Startup Galicia está na mellor posición para acercar as startups galegas os recursos que a administración autonómica ten á súa disposición e, coa mesma relevancia que o anterior, trasladar as inxerencias e necesidades das startups que axuden á administración a deseñar medidas máis eficientes, exercendo un papel de interlocutora e colaboradora esencial e imprescindible na creación de comunidade e impulso do ecosistema de emprendemento innovador e emerxente de Galicia.

IV. Que a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e Startup Galicia consideran que este convenio de subvención é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción do ecosistema galego de emprendemento emerxente e innovador e da competitividade e a innovación das startups galegas, xa que promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados efectivos. Dada a especificidade do obxecto do convenio, xustifícase o carácter excepcional e as razóns de interese público, social e económico que aconsellan a concesión dunha subvención directa e non procede a realización dunha convocatoria pública para estas actuacións, debido á súa especialización e a singularidade da posición de Startup Galicia.

Por todo o anterior, a subscrición do presente convenio de subvención directa representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos das pemes e do interese xeral



pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, para os efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Dada a converxencia entre os seus obxectivos e fins, ambas as súas partes están interesadas en asinar o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLAÚSULAS

### Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto xeral deste convenio o desenvolvemento por parte de Startup Galicia de actividades e programas específicos de apoio ao emprendemento emerxente e innovador que complementen, potencien ou reforcen as actividades do Igape neste eido durante o períodos 2025-2026, na procura de sinerxías que teñan un efecto multiplicador dos recursos públicos destinados ao efecto.

As actividades previstas a realizar por parte de Startup Galicia son as seguintes:

#### 1. Consolidación do ecosistema de startups galego mediante a realización de eventos e actividades formativas nos eidos de emprendemento innovador e investimento.

A realización destas actividades formativas e eventos, realizarase en colaboración entre Startup Galicia e o Igape. Esta colaboración comezará no deseño e conceptualización das ditas actividades ata unha posible colaboración dentro das mesmas.

Neste aspecto incluíranse actividades de Startup Galicia como os Fiadeiros, AMA'S, Formación para Business Angels, etc.

- **Fiadeiros:** formacións específicas en temáticas de interese para o colectivo emprendedor.
- **AMA'S (ask me anything):** sesións para coñecer a emprendedores/as referentes que contan o seu caso de éxito e historias de aprendizaxe nun contexto próximo e colaborativo.
- **Formación para Business Angels:** co obxectivo de capacitar e fortalecer o tecido de investimento presente en Galicia (Business Angels, Family Office, socios industriais...), en moitas ocasións, deslocalizado e illado ao ecosistema das startups e a innovación.
- **Dinamización do ecosistema de inversión privada en startups (business angels)** en Galicia, incluíndo itinerarios de formación.
- **EsmorGas:** quedadas nas distintas cidades para unir a axentes relevantes do ecosistema (emprededores, investidores, empresas tractoras, estudantes...) e facer networking.
- **Conecta empresas:** eventos de "matching e speed dating" entre startups e empresas tractoras, co obxectivo non só de networking, senón de facilitar a venda directa e a comercialización de produtos dixitais con empresas referentes.
- **Misións internacionais:** desde facer grupos para asistir a eventos internacionais referentes como 4Y4N ou South Summit, ata compartir, dar difusión e axudar a presentar outras misións como as do ICEX.
- Organización de **eventos networking** entre startups, startups e empresas tractoras e startups e investidores, nas catro provincias galegas.
- Eventos inspiracionais con casos de emprendedores de éxito e networking para cohesionar a comunidade. tales como o Nos Day, evento que une a comunidade de emprendemento e tecnoloxía en Galicia.



## 2. Fomento da innovación aberta e colaborativa

Posta en marcha de proxectos colaborativos que teñan por obxecto a conexión directa entre startups e empresas tractoras.

## 3. Mapa de startups de Galicia

Actualmente a asociación de Startup Galicia ten como un dos seus activos o mapa de startups (<https://www.startup.gal/mapa-de-startups>). Este mapa é un traballo de anos da asociación que representa a meirande parte das startups que xurden en Galicia segundo a definición e criterios da asociación e as iniciativas públicas e privadas de recursos para startups.

O Igape ten interese en traballar conxuntamente co mapa para aglutinar nunha fonte única toda a información. Polo tanto, por medio deste convenio a asociación e o Igape traballarán conxuntamente nun novo mapa en réxime de copropiedade intelectual entre ambas entidades. O análise da concreción de dita copropiedade será unha función atribuída á comisión de seguimento do convenio.

A definición do mapa, a taxonomía, criterios de selección, deseño e detalle do mesmo, será traballada por ambas entidades e a súa estrutura atenderá ao definido na Lei 28/2022, do 22 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes.

## 4. Xeración de contido, comunicación e divulgación

**Contidos:** creados integramente polo grupo de traballo voluntario de Startup Galicia e que impactan recurrentemente a máis de 1.200 persoas no mapa nacional e internacional (newsletter, entrevistas de startup polo miúdo, slack, etc).

Creación de base de datos de startups participantes nas actividades e seguimento posterior para medir a súa efectividade.

## 5. Colaboración e asesoramento ao Igape

- **Actuar de antena do Igape** na difusión entre a súa rede de contactos de novas convocatorias ou calquera información de interese para as startups galegas e mediante a organización de charlas, xornadas ou eventos específicos de difusión.
- **Proporcionar consello ao Igape** na definición de medidas, servizos e apoios destinados especificamente a startups.
- Crear co Igape unha **canle bidireccional** de coñecemento e comunicación entre institucións e startups para a consolidación do esquema público-privado de apoio ao emprendemento emerxente e innovador en Galicia.
- **Colaboración na rede de Business Factories** de emprendemento de proxectos innovadores, en todo o relativo ao acompañamento, divulgación e formación das startups participantes.

Para a correcta execución das actividades descritas, Startup Galicia presentará un **plan trimestral de actuación** co obxectivo de que o Igape poida avaliar e determinar a súa correcta adecuación para a dinamización do ecosistema de emprendemento innovador galego e, no caso de actividades formativas e eventos, que o Igape determine o seu grado de participación nas devanditas actuacións.

Esta relación de actividades non é exhaustiva, podendo realizarse calquera outra non prevista sempre que, de acordo co Igape, se considere de valor para a dinamización do ecosistema de startups galego.

Os indicadores de medición da execución e resultado son:



Indicadores	Resultado	Obxectivo 2026
Persoas do ecosistema que reciben información (na que se incluírá a información sobre axudas e programas do Igape)		1.500
Emprendedores/as que reciben información sobre os recursos da Xunta de apoio ás startups		50
Empresas que participan en eventos de networking, de difusión, formativos ou de outro tipo		100
Empresas que avanza (investimento, alianzas, demos, conversas, outros..) con outras empresas logo de coñecerse a través da actividade		10
Startups de alta na base de datos de seguimento		50
Persoas participantes nos eventos de dinamización do ecosistema		350
Eventos de dinamización, formación e networking		20

## Segunda. Financiamento

O orzamento máximo de todas as actividades desenvoltas ao amparo do presente convenio ascende a 150.000,00 €, cunha distribución estimada de 75.000 € en cada anualidade, que o Igape subvencionará ata o 100% do custo de realización con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.561A.7810.

	2025	2026
<b>Orzamento total</b>	75.000,00 €	75.000,00 €

## Terceira. Gastos subvencionables e subvención

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 15 de decembro de 2026, coa única excepción dos custos de salarios, Seguridade Social e, no seu caso, retencións do IRPF correspondentes, respectivamente, ao mes de decembro de 2026 e ao segundo semestre do exercicio 2026, que se certificarán en todo caso no prazo de xustificación previsto sen prexuízo da súa posterior acreditación da realización do gasto.

Os custos subvencionables serán:

- os custos do persoal de Startup Galicia dedicado ás actividades do convenio proporcionalmente ao seu tempo de dedicación.
- a contratación de servizos externos necesarios para a realización das actividades.
- gastos indirectos, estimados nun 10% adicional sobre o gasto xustificado.

con esta distribución estimada:

TIPO GASTO	PORCENTAXE	IMPORTE
<b>Gastos de persoal</b>	44 %	33.000 €
<b>Servizos externos</b>	46 %	34.500 €
<b>Gastos indirectos</b>	10 %	7.500 €

Permitiranse compensación de gastos entre as partidas de persoal e servizos externos que non superen o 20 %. Para compensacións superiores, deberá someterse a aprobación á Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio.



En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se atopa aollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE.

No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000 € (excluíndo IVE), deberán presentarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou fornezan. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía, e presentarse unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de intereses de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subvención contemplada neste convenio non ten carácter de axuda de estado segundo o artigo 107.1 do TFUE (Tratado de funcionamento da Unión Europea) xa que Startup Galicia carece das características para ser considerada unha empresa de acordo coa definición contida no Anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión ao seres unha asociación sen ánimo de lucro que non exerce no mercado unha actividade económica de forma regular en base a un catálogo de servizos.

#### **Cuarta. Xustificación e pagamento**

1. Conforme ao establecido nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Igape efectuará o pago da cantidade estipulada no convenio a Startup Galicia previa comprobación da realización do seu obxecto e a validación da documentación xustificativa presentada en Igape.

Os gastos xustificaranse mediante certificacións semestrais que se presentarán dentro dos 10 días seguintes á finalización do semestre natural -excepto a do segundo semestre de 2026, que se presentará como máximo o 15 de decembro de 2026 - por vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.gl>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando a documentación que se relaciona na cláusula sexta.

Non obstante o anterior, establécese a posibilidade de que Startup Galicia solicite un anticipo do 25% da anualidade de 2025 para poder facer fronte aos primeiros gastos de execución do obxecto do convenio. Neste suposto, exímeselle da obriga de constituír garantía, previa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.

2. Só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución, agás aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.



3. De non xustificar o importe total das actuacións desenvoltas, minorarase a subvención proporcionalmente, a condición de que se alcance o obxecto do presente convenio.

4. En canto os pagamentos a conta faranse efectivos, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto sen necesidade de entregar ningún tipo de garantías, conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia. Neste suposto, exímese da obriga de constituír garantía, previa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.

Ademais, a suma dos pagamentos anticipados e á conta non poderá superar o 80 % da subvención total concedida.

#### **Quinta. Documentación xustificativa**

Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e conforme o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, Startup Galicia deberá presentar ante o Igape:

a) Memoria xustificativa da realización de actuacións contempladas neste convenio, con indicación de actividades realizadas, resultados obtidos, observacións e incidencias máis salientables, así como a actualización do cadro de indicadores de execución e resultado establecido na cláusula primeira.

b) Memoria económica xustificativa do gasto nas actuacións realizadas que conterà:

i. Certificación emitida por Startup Galicia do total de gastos incorridos no período imputables ao convenio acompañada dunha memoria económica con relación clasificada dos gastos imputables, identificando o concepto, acreedor, documento, importe e data de emisión e data de pago. Deberá indicarse tamén a porcentaxe de dedicación ao convenio do persoal de Startup Galicia do que se imputen gastos.

ii. Xustificación de gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados á relación clasificada dos gastos.

iii. Custos salariais (incluída Seguridade Social) do persoal de Startup Galicia dedicado ás actividades do convenio: nóminas mensuais, documento de pago, ingreso das cotas sociais e ingreso, no seu caso das retencións do IRPF que resulten de aplicación.

iv. Xustificación de pagos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Non se admitirán pagos en efectivo.

v. Xustificación, se é o caso, doutros ingresos obtidos para financiar as actividades.

vi. Cando na contratación de servizos o importe de gasto atendible iguale ou supere a contía de 15.000 € (sen IVE), tres ofertas de diferentes provedores previas á contratación do servizo, así como xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico. Estas ofertas deben atender o ao artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, respecto da prohibición de presentar ofertas de empresas vinculadas.

c) Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que Startup Galicia está ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. Startup Galicia autoriza a realización desta petición.

d) En caso de estar exento do IVE, documentación acreditativa da exención.

e) Declaración de non recibir outras axudas para os mesmos fins.

f) Declaración de titularidade da conta bancaria onde se vaian a realizar os pagos (só coa primeira certificación ou coa solicitude de anticipo no seu caso).



g) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso o Igape resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere necesaria en relación coa execución das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación dos gastos e o seu pagamento.

Startup Galicia manterá ao dispor do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Consello de Contas ou Tribunal de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

#### **Sexta. Compatibilidade con outras axudas**

A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades.

#### **Sétima. Comisión de seguimento do convenio**

1. Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- Dous integrantes por parte de Igape, un dos cales actuará como presidente/a.
- Dous integrantes por parte de Startup Galicia, un dos cales actuará como secretario/a.

A súa función será velar polo cumprimento das obrigas previstas no convenio, así como propoñer solucións aos problemas que puideran xurdir en canto á súa interpretación, proposta de addendas, coordinación das partes asinantes e calquera outra que redunde en beneficio da mellor execución e desenvolvemento do convenio.

2. Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. O funcionamento da comisión de seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. A comisión reunirse a petición de calquera das partes e, en calquera caso, un mínimo de dúas veces ao ano.

#### **Oitava. Causas de resolución**

1. Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos intereses de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento do deber da xustificación do gasto realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o obxecto do convenio.
- O mutuo acordo das partes.



- O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do gasto financiable ou do deber de xustificación, serán causa de perda do dereito á cobranza ou de reintegro total da subvención.
3. Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable do convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.
4. O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito á cobranza ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

### **Novena. Obrigas, publicidade e autorizacións**

1. Startup Galicia comprométese a:

- a) Asumir, en termos xerais e de xeito conxunto co Igape, o compromiso de organizar, coordinar e desenvolver as actividades necesarias para a execución das actividades e programas obxecto deste convenio cos seus propios medios ou contratando os servizos e subministrados necesarios para levalas a cabo.
- b) Achegar a documentación xustificativa que acredite a realización e pago das actividades, así como os informes de participación e demais documentos relativos ás persoas emprendedoras e/ou empresas participantes que, de ser o caso, sexan requiridos polo Igape aos efectos da correcta xustificación do desenvolvemento das actividades e programas.
- c) Difundir a colaboración do Igape en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades e programas, con suxeición ás normas sobre imaxe corporativa indicadas polo Igape.
- d) Manter á disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 4 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.
- e) Someterse á inspección e control do Igape co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades e programas previstos e que permitan a xustificación administrativa e financeira das mesmas.
- f) Correrá a cargo de Startup Galicia contratar aos colaboradores, decidir e proporcionar instalacións, achegar o material e equipamento necesario, así como a difusión e organización necesarias para o desenvolvemento das actividades e programas obxecto do convenio.
- g) Comunicar ao Igape a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- h) Fornecer toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigacións recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme a o establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.



i) Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

j) Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os intereses de demora devindicados desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Startup Galicia dá consentimento expreso ao Igape para:

- a) O tratamento necesario dos datos relevantes e persoais deste convenio e a súa publicación na páxina web de Igape, así como outras dependentes da Consellería de Economía e Industria e no *Diario Oficial de Galicia*, coas excepcións previstas no artigo 15.2 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.
- c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) no prazo de 20 días hábiles a partir da concesión da subvención.
- d) 3. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Con todo, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

### **Décima. Modificacións**

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento, e formalizarase a través da subscrición da correspondente addenda, conforme o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En ningún caso poderá supoñer un incremento do orzamento.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións para desenvolver por Startup Galicia e do importe da subvención ou a ampliación do prazo de execución.

### **Décimo primeira. Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con Igape, de



tal maneira que non se lle poderá esixir a esta entidade responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **Décimo segunda. Natureza xurídica e resolución de conflitos**

1. O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao amparo dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

2. Igape ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia do orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

3. As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á financiar a realización de actividades económicas sen ánimo de lucro por parte de Startup Galicia que redundará no beneficio das startups de Galicia dunha maneira indiscriminada sen que supoña beneficio económico para Startup Galicia.

#### **Décimo terceira. Vixencia**

O convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se consideren subvencionables os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento, na data indicada no pé de firma, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

A directora xeral do Igape

A presidenta de Startup Galicia

Covadonga Toca Carús

Carmen Pumariño Álvarez

